A multa imposta polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea o 25 de xullo de 2018, condena ao Estado a pagar unha sanción de 12 millóns de euros pola tardanza no cumprimento da normativa europea sobre o tratamento de augas residuais urbanas e imporá unha multa coercitiva de 11 millóns de euros por cada semestre nos que se siga a incumprir a normativa. Todo isto polo incumprimento doutra sentencia anterior da sentencia 14 de abril de 2011, no que varios concellos galegos seguían sen tratamento de augas residuais.

Neste ambiente a comisión de seguimento do plan de saneamento local da Ría de Pontevedra coñecía a proposta de Augas de Galicia de ampliar esta depuradora que abarcaría o dobre de espazo nos terreos colindantes á existente, sempre que

Costas autorizase a mesma. Estes terreos pertencentes á lámina de auga, titularidade de Costas, sobre os que está situada a pasteira ENCE e nos que se situaría a ampliación da depuradora. A actual depuradora, non conta coas autorizacións específicas para estar en dominio público marítimo, ademais de manter as augas con peor calidade de toda a costa española, non respecta as distancias legais mínimas das vivendas.

A veciñanza amosouse contraria á ampliación así como á carga de depuración que soporta dita estación, pois ademais das augas residuais de Pontevedra, faise cargo das augas residuais de Poio, Marín, Vilaboa e Ponte Caldelas.

O pasado 5 de outubro, o DOG publicaba a resolución de información o pública do anteproxecto do novo emisario submarino da estación depuradora de augas residuais de Praceres, na ría de Pontevedra. Este anteproxecto recolle a intención da Xunta de Galicia de construír unha estación de carga e bombeo para dar servizo ao emisario submarino. Construción que precisa permisos de Costas e do Ministerio de Fomento, e que prevé ocupar 1300 metros cadrados e 7 metros de altura en terreos de Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) e eliminaría a escasa fachada litoral que aínda conserva a Praza de Praceres, ao que a veciñanza mostrou a súa oposición. Unha vez máis ven a demostrar a falta de coherencia do PP que votou a favor da proposición que rexeita a ampliación da EDAR e despois o mesmo partido publica este anteproxecto de ampliación do emisario submarino.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Rexeitar a ampliación da EDAR de Praceres, na parroquia de Lourizán, Pontevedra.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 17:56
Nº Rexistro: 39308
Data envio: 23/10/2018 17:56:27.995

2.- Instar a Consellería de Medio Ambiente a reducir a carga que soporta a EDAR de Praceres de limpeza de augas residuais, con limitación exclusiva e unicamente as augas do Concello de Pontevedra.

3.- Instar a Consellería de Medio Ambiente a que todos os concellos limítrofes conten co seu propio sistema de limpeza das augas residuais, nomeadamente Poio, Marín, Vilaboa e Ponte Caldelas.

4.- Instar ao Goberno do Estado para que rexeite a autorización de ampliación nos seus terreos, que son dominio público marítimo-terrestre, e empece as labores de recuperación da marisma de Lourizán, e da calidade das súas augas para que se recupere tamén o banco marisqueiro.

5.- Instar a Augas de Galicia á retirada do anteproxecto de emisario submarino, publicado no DOG, o venres 5 de outubro de 2018.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 17:56
Nº Rexistro: 39308
Data envio: 23/10/2018 17:56:27.995

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/10/2018 17:52:06

Marcos Cal Ogando na data 23/10/2018 17:52:17

Antón Sánchez García na data 23/10/2018 17:53:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39314
Data envio: 23/10/2018 19:19:03.495

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As conclusións do estudo sobre Conciliación do Gabinete de Economía da CIG son contundentes.

Na Galiza, o 87% das persoas inactivas que se dedican ao coidado de menores ou persoas dependentes son mulleres; tamén son mulleres o 77% das persoas traballadoras con redución de xornada por coidado de menores de 12 anos, ou o 91,6% das que se acolleron a unha excedencia por coidado das crianzas. Son mulleres o 71,2% das persoas que reduciron ou suprimiron o traballo remunerado por coidado de persoas dependentes, como o 56,8% das que empregaron fórmulas de flexibilización da súa relación laboral. O 76,7% do traballo a tempo parcial é feminino. As mulleres dedican 4 horas e 38 minutos ao traballo no fogar, en tanto que os homes apenas chegan a 2 horas e 21 minutos.

Segundo un estudo da USC, das familias galegas con menores escolarizados en Primaria, case 6 de cada 10 (55,6%) afirman ter dificultades para conciliar, con problemas que teñen que ver con tipo de horarios ou falta de servizos públicos.

O sistema laboral español require modificacións que rematen coa precariedade das condicións laborais. Segundo o 'Barómetro sobre Benestar e Motivación dos Empregados' realizado por Edenred e Ipsos en 2015, só un 30% dos traballadores

e traballadoras do Estado cre que ten unha boa calidade de vida no traballo e un 41% maniféstase insatisfeito co equilibrio entre vida profesional e persoal.

No estudo de Endered sobre conciliación familiar, un 71% dos e das proxenitoras cren que non pasan suficiente tempo coas súas crianzas e un 68% deixarían o seu traballo para dedicarse ao seu coidado.

O empresariado español ten convencemento de que as longas xornadas laborais aumentan os beneficios, xa que cubre un maior número de horas con menos persoal. Segundo o último informe da UGT, dende 2012 as horas extras non remuneradas superan ás pagadas, e dicir, nove, dez ou máis horas de xornada laboral polo prezo de oito.

Pero o empresariado español está errado. As longas xornadas laborais teñen efectos negativos sobre a produtividade. Así, segundo os datos de Eurostat, España é a potencia europea peor clasificada, por detrás de Noruega, Luxemburgo, Dinamarca, Irlanda, Bélxica, Países Baixos, Francia, Suecia, Alemaña, Austria, Finlandia, Reino Unido e Italia. Sen embargo, en España a media oficial de horas semanais traballadas é de 38,4 fronte ás 30,5 dos Países Baixos, ás 33,8 de Dinamarca o ás 35 irlandesas. En Suecia estase a experimentar a implantación da xornada de seis horas diarias con resultados moi positivos: diminución das baixas laborais, uso máis eficiente da maquinaria, mellor actitude do persoal, etc, o que está a incrementar os beneficios das empresas que a instauraron.

O Estado español debe adecuar os horarios laborais e flexibilizar a xornada para que exista a posibilidade dunha conciliación familiar. Pero non a “flexibilidade marca España”, que entende a 'flexibilidade horaria' como “a posibilidade de

entrar ao traballo nunha franxa de 1/2 hora", senón como se entende neses outros estados, onde é moi normal ofrecer un rango de entrada de 4 horas.

Pero o Estado español tamén está á cola de Europa nos permisos de maternidade e paternidade: 16 semanas para a nai e 5 para o pai. Mentres, en Suecia gozan de 480 días compartidos entre os e as proxenitoras e de 392 días en Noruega. Isto, unido á falta de políticas que potencian a reincorporación progresiva ao traballo, provoca que no Estado español, practicamente o 50% dos e das bebés empezan a ir á educación infantil antes de cumprir os 10 meses e o 53,7% pasa de 5 a 8 horas no centro.

España ocupa o derradeiro posto da Eurozona en traballadores/as con contratos indefinidos: o 76% das persoas asalariadas, fronte ao 84% dos países da Eurozona.

"Multinacionales por marca España", unha asociación que reúne a 35 grandes empresas estranxeiras de todos os sectores dando emprego a 1,2 millóns de traballadores e traballadoras, e que representan o 15% do PIB, trasladaron ao Goberno do Estado é ás Comunidades Autónomas a súa preocupación pola "gravidade do problema" do envellecemento da poboación e, entre as súas propostas, destacan:

- Medidas fiscais para apoiar a maternidade, aumentando o gasto fiscal do 1,5 actual ata o 2,5% do PIB, seguindo o modelo dos países da OCDE.
- Ampliación de los permisos parentais seguindo os modelos dos países do norte de Europa.
- Aumentar as escolas públicas infantís.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39314
Data envio: 23/10/2018 19:19:03.495

- Crear empregos de calidade para a mocidade, impulsando a súa contratación para favorecer e acelerar a súa independencia económica. Por empregos de calidade enténdese empregos con maior estabilidade laboral, é dicir, indefinidos, e mellor pagados.

- Equiparación laboral entre homes e mulleres. O informe propón unha equiparación das condicións laborais entre homes e mulleres nos salarios, nas oportunidades profesionais e nos sistemas de promoción.

Hai máis medidas que se poden adoptar, como a redución da xornada a 35 horas, a incorporación paulatina ao posto de traballo, o teletraballo, aumentar as prazas en centros de día públicos para maiores, etc.

Polo tanto, podemos concluír que empresariado, sindicatos e partidos políticos (agás o PP) son conscientes da gravidade do problema que supón para o Estado español, e moito máis para Galiza, o envellecemento da poboación. E todos eles son actores imprescindibles dun acordo que recolla as medidas a adoptar para reverter esta situación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea propón á Cámara a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a abandonar a súa actitude defensiva e publicista e constituír unha Mesa de Negociación coa representación dos sindicatos e empresariado para acordar as medidas dirixidas a mellorar a conciliación laboral, familiar e persoal que, tanto a Administración como o sector privado, se comprometen a cumprir, así como o calendario de actuacións e os obxectivos concretos a cumprir.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39314
Data envio: 23/10/2018 19:19:03.495

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/10/2018 19:16:58

Luis Villares Naveira na data 23/10/2018 19:17:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39316
Data envio: 23/10/2018 19:21:02.832

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do estabelecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Catoira responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

127655

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39316
Data envio: 23/10/2018 19:21:02.832

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cadro de persoal do Centro de Saúde de Catoira está formado por dous facultativos e un pediatra que pasa consulta en días alternos. Desde principios de setembro é un só facultativo o que atende a demanda de asistencia sanitaria, xa que o outro facultativo nun pode acudir ao centro, primeiro por vacacións e logo por incapacidade laboral temporal.

A situación de prexuízo para @s veciñ@s de Catoira é máis que evidente, habendo días con máis de setenta persoas para un só facultativo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que proceda a substituír ao facultativo do Centro de Saúde de Catoira, tanto nas súas licenzas como vacacións para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estábel."

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

127656

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39316
Data envio: 23/10/2018 19:21:02.832

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2018 19:15:56

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2018 19:16:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2018 19:16:02

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2018 19:16:03

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2018 19:16:05

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2018 19:16:06

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39321
Data envio: 23/10/2018 19:33:24.831

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo** e **Flora María Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións laborais nas residencias de maiores privadas de Galiza son insoportables, algo permitido pola Xunta, que mantén un Decreto regulador do persoal das residencias privadas que dispón unhas rateos de persoal nidiamente insuficientes, agravado polo feito de que a inspección ten en conta en global todo o persoal do centro, e non só o de atención directa. Unha evidencia de que o persoal é insuficiente é o feito de que, cando hai folga, todas e todos son servizos mínimos.

Son competencias da Xunta de Galicia o establecemento do marco normativo en materia de servizos sociais, así como a autorización e acreditación de centros, servizos e programas sociais, así como a súa tipificación e a regulamentación dos requisitos mínimos, tanto xerais coma específicos, que necesariamente deben cumprir, así como a supervisión e avaliación da calidade na prestación dos servizos sociais, para o que se establecerán mecanismos de control obxectivo e continuo deles, así como o exercicio das potestades inspectora e sancionadora.

A Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumpri-los centros de atención a persoas maiores, establece, en materia de

persoal, que "a rateo mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para estes efectos entenderase por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario."

Ademais, "garantirase a vixilancia e coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función. Os centros cun número inferior a 40 prazas asistidas deberán contar coa presencia localizada de médico e ATS ou DUE durante as 24 horas. Aqueles cun número superior de prazas asistidas, ademais da presencia localizada do persoal médico, deberán contar coa presencia física do ATS ou DUE as 24 horas. Sen prexuízo do anterior deberáselles prestar unha asistencia sanitaria integral a tódolos residentes, a través de prestacións de servizos profesionais propios ou concertados."

O Decreto 243/1995, do 28 de xullo, foi derrogado polo Decreto 143/2007, do 19 de xullo, pero mantivéronse as citadas rateos.

Ademais, non están regulados o pluses de perigosidade/penosidade neste tipo de traballo, aínda que aumentara tanto a demanda de residencias (polo envellecemento da poboación) como a tipoloxía de persoas usuarias, pois, dende o desmantelamento dos hospitais psiquiátricos galegos comezouse a internar a pacientes con trastornos mentais nas residencias de maiores sen dotalas de unidades específicas nin desenvolver protocolos e actuacións para garantir unha correcta atención.

Por outra parte, non sempre se cumpren as rateos establecidas e a Xunta inhíbese na súa función inspectora, como ten alertado o propio Consello de Contas, que sinala que a Inspección de Servizos Sociais mantivo a mesma estrutura interna e número de efectivos a pesar de aumentaren o número de centros de maiores a

inspeccionar. De feito, pese a detectar incidencias nos centros residenciais que non se corrixiron, a Xunta non iniciou expedientes sancionadores. Non sempre se substitúen baixas e permisos do persoal, e cando se fai, non é polo tempo total, algo que sucede tamén no sector público. Política Social ten constancia de denuncias por falta de cumprimento das rateos de persoal pero non controla as presenzas efectivas. Ademais, para calcular a rateo tense en conta non só ao persoal de atención directa, senón a todo o equipo técnico do centro.

Á falta de persoal únese a falta de material mínimo para o desenvolvemento do traballo, o que aumenta o sobreesforzo físico.

Tamén é unha carga a maiores o feito de que tarden excesivamente as renovacións do grao de Dependencia.

A integración de pacientes psiquiátricos nas residencias sen regulación específica nin aumento de persoal orixina un aumento de agresións ao persoal, nun sector onde xa son moi elevadas as taxas de accidentabilidade laboral, así como as baixas por sobreesforzo.

Todo isto en conxunto leva a que haxa residencias onde é moi difícil atopar enfermeiros/as dispostas a asumir este tipo de empregos, sobre todo no verán, pois enfróntanse a rateos de 100 residentes de media a cargo dunha enfermeira. O caso das (maioritariamente mulleres) enfermeiras é especialmente grave porque teñen unha gran responsabilidade, ao non dispor de praza de médico/a 24 horas.

Tamén é excesivamente baixa a rateo de persoal de limpeza e a de auxiliares e hai que ter en conta tamén a explotación laboral que padecen as persoas contratadas en prácticas nas residencias de maiores.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39321
Data envio: 23/10/2018 19:33:24.831

A Xunta, con competencias plenas en materia de Asistencia Social, é plenamente responsable da situación sociosanitaria das persoas ingresadas nas residencias da terceira idade e é responsable indirecta das precarias condicións laborais do seu persoal.

Estímase que o sector das residencias emprega a 16.000 traballadores e traballadoras, sendo a maioría de residencias privadas, xa que as prazas privadas representan o 67% do total.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno :

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Modificar a normativa aplicable para aumentar a rateo de persoal de atención directa nas residencias de maiores.

2. Aumentar o número de persoal da Inspección dos Servizos Sociais e aumentar as inspeccións, procedendo a aplicar as sancións cando proceda.

3. Impulsar un plan de inspección específico que controle o cumprimento efectivo das rateos de persoal nas residencias privadas, garantindo que se substitúen efectivamente as ausencias do persoal.

4. Elaborar, no prazo de 6 meses, un estudo específico sobre a situación sociosanitaria nos centros de maiores galegos.

5. Encargarlle ao Instituto Galego de Saúde Laboral un estudo sobre os datos de accidentabilidade laboral do persoal dos centros de maiores públicos e privados

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39321
Data envio: 23/10/2018 19:33:24.831

da Comunidade Autónoma, así como que elabore unhas recomendacións específicas para mellorar a seguridade e saúde do traballo nestes centros.

6. Desenvolver normativamente o eido sociosanitario no que respecta aos centros de maiores.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Paula Quinteiro Araujo
Flora Miranda Pena
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/10/2018 19:29:49

Eva Solla Fernández na data 23/10/2018 19:30:02

Paula Quinteiro Araújo na data 23/10/2018 19:30:10

Flora María Miranda Pena na data 23/10/2018 19:30:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39321
Data envio: 23/10/2018 19:33:24.831

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 23/10/2018 19:32:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:07
Nº Rexistro: 39338
Data envio: 24/10/2018 13:07:19.225

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno,** relativa á conciliación familiar-estudantil.

Exposición de motivos

Os coidados non remunerados afastan a unha gran cantidade de mulleres da carreira laboral. Segundo os últimos datos da OIT, un 25,1% alegan este motivo, fronte a un escaso 2,6% no caso dos homes. E da académica? Que sucede cando unha muller se converte en nai no medio dos seus estudos obrigatorios ou post-obrigatorios? Nin no IGE, nin na secretaría xeral de Igualdade, nin na Consellería de ensino, mais tampouco nas fontes estatísticas de carácter estatal, atopamos datos sobre estes motivos.

Segundo as investigadoras da Universidade de Valencia, Amparo Alonso, Marcos Jesús Iglesias e Inés Lozano, a conciliación estudantil-familiar require propostas concretas por parte das administracións que, a día de hoxe, non teñen contemplado esta necesidade.

Segundo a súa investigación, "o colectivo de estudantes con responsabilidades familiares e en estado de xestación, aínda que poida ser unha minoría, xa resulta significativo e vai en aumento". Un dos motivos estaría no feito de que dende a crise se incrementara a idade de acceso á educación superior.

Deste xeito, segundo os datos do Ministerio de Educación, nos últimos cinco cursos desde 2007-2008 a poboación universitaria de 18 a 24 anos aumenta un

13,7%, mentres que a de máis de 30, un 18,4%. é dicir, que a chegada á universidade non é soamente directa dende o instituto senón que temos cada vez máis estudantes que chegan ás aulas universitarias tras experiencias laborais, desemprego, etc, en momentos vitais claramente diferentes.

Porén, a día de hoxe, a lexislación non acompaña esta multiplicidade de realidades, nin a posibilidade da maternidade nin as ausencias por coidados asumidos maioritariamente por mulleres. Aínda que o Estatuto do Estudante Universitario fala dunha "atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida laboral e familiar", non concreta nada e non hai medidas concretas aplicadas nas nosas universidades.

Como tampouco hai medidas concretas na lexislación galega. Salvo a mención realizada no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación sobre a atención educativa a mozas embarazadas.

1. A consellería con competencias en materia de educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se é o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas exixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade.

2. Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous

anos seguintes ao parto, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

3. A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

Un artigo centrado na mocidade e que ignora a devandita multiplicidade de realidades que podemos ter nas aulas galegas e que tampouco é quen de establecer medidas concretas.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Elaborar un diálogo en colaboración coas universidades galegas destinado a favorecer a conciliación familiar-estudantil que inclúa, cando menos:

a) a garantía de adaptacións curriculares, metodolóxicas e avaliativas

b) permisos de saída para revisións médicas de xeito que non conten con faltas de asistencia

c) permisos de maternidade e paternidade coas adaptacións de avaliación necesarias

d) redución da xornada e das horas necesarias para matrículas e bolsas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:07
Nº Rexistro: 39338
Data envio: 24/10/2018 13:07:19.225

e) seguimento semipresencial das asignaturas para o alumnado con compromisos familiares e especialmente durante períodos de baixas médicas durante o embarazo.

2. Fornecer aos centros universitarios de escolas infantís con prazas reservadas para as e os estudantes.

3. Fornecer aos centros universitarios das instalacións precisas para o coidado dos bebés como cambiadores nos baños e salas de lactancia.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:07
Nº Rexistro: 39338
Data envio: 24/10/2018 13:07:19.225

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 24/10/2018 12:58:03

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/10/2018 12:58:11

Paula Quinteiro Araújo na data 24/10/2018 12:58:21

Luis Villares Naveira na data 24/10/2018 12:58:30

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:20
Nº Rexistro: 39341
Data envio: 24/10/2018 13:20:43.630

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á reestruturación parcelaria no concello de Teo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza en 1999 declaraba de utilidade pública e de urxente execución a concentración parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, todas elas do concello de Teo. A declaración de utilidade pública realizábase a través do Decreto 198/1999, de 25 de xuño, para a zona de Oza, Teo, Bamonde e Vilariño; do Decreto 199/1999, de 25 de xuño para a zona de Lampai e Luou; e do Decreto 200/1999, de 25 de xuño, para a zona de Lucí e Rarís.

Coa publicación destes decretos inícianse os procesos de concentración parcelaria que avanzaron até rematar a fase do levantamento topográfico, quedando posteriormente paralizadas as actuacións por unha decisión do Goberno galego.

En xuño de 2015, a través da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza, a Xunta decide dar por rematados estes procedementos declarándoos caducados.

Tendo en conta a demanda existente por parte dos veciños e veciñas destas parroquias, e dado que xa se ten realizado o levantamento topográfico, que é unha das

127669

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:20
Nº Rexistro: 39341
Data envio: 24/10/2018 13:20:43.630

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fases máis complexas do proceso de reestruturación parcelaria, e tendo ademais presente que os motivos polos que se solicitaron e declararon de urxente execución seguen vixentes, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que na maior brevidade posíbel, en base ao disposto no artigo 6 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza, declare de utilidade pública a reestruturación parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, e tomando como punto de partida os traballos realizados nestas zonas desde 1999 execute todas as actuacións precisas para que sexan unha realidade."

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

127670

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 13:20
Nº Rexistro: 39341
Data envio: 24/10/2018 13:20:43.630

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2018 13:18:46

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2018 13:18:53

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2018 13:18:54

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2018 13:18:57

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2018 13:18:58

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2018 13:19:00

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39344
Data envio: 24/10/2018 14:09:04.354

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galicia continúa padecendo o drama dos desafiuzamentos. Segundo o informe "Efectos da crise económica nos órganos xudiciais" elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), no ano 2017, o número de lanzamentos hipotecarios ou desafiuzamentos practicados foi de 2.493, un 4,6% máis que o ano anterior. Isto contrasta co feito de que no conxunto do Estado o número de lanzamentos hipotecarios ou desafiuzamentos, así como o de concursos de acredores, reduciuse ata chegar aos niveis máis baixos da última década.

A situación no ano 2018 é practicamente a mesma, con un matiz: o paro entre o persoal de xustiza provocou un descenso do 55% dos lanzamentos. A proba de que o descenso se debe á folga é que o número de execucións hipotecarias que se iniciaron en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo foi practicamente o mesmo que o ano pasado. No ano 2017 presentáronse 289 demandas; no 2018, 288. Todo isto sucede sen que a Xunta de Galicia poña solucións sobre a mesa para protexer ás familias que afrontan unha maior situación de vulnerabilidade.

Estámolo a comprobar agora no bloque número dous de A Patiña, en Cela, Cambre. A consultora Altamira, do banco Santander, iniciou o procedemento para botar a ducias de familias das súas casas, 27 das cales reciben axudas dos servizos sociais e 12 de emerxencia social. No lugar habitan parados de longa

duracións, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de mobilidade, anciáns... que pagan entre 200 e 310 euros pola vivenda.

O edificio foi construído nos anos 90 por Fadesa, tras chegar a un acordo co Goberno da Xunta para alugar os pisos a persoas desfavorecidas durante 20 anos. Porén, no inicio da crise económica, Fadesa decidiu vender o inmoble a Altamira, que xestiona os activos inmobiliarios do Santander.

Hai un tempo xa que a axencia subcontratada por Altamira deixou de cumprir coas labores que lle correspondían de mantemento e reparación, polo que moitos veciños levan meses vivindo nunhas condicións lamentables, soportando, entre outras cousas, humidades e fungos.

Segundo denuncian as veciñas e veciños dende fai meses, a presión que se exerce sobre eles para que marchen aumentou significativamente. Varios recibiron cartas ameazantes nas que se lles indicaba que o seu contrato ía expirar. A algúns se lles ofreceu renegociar á alza as súas rendas; a outros se lles dixo directamente que teñen que irse.

Novamente, a banca e os fondos voitre tentan facer negocio coa miseria da xente, sen importarlles a quen se levan por diante. Isto ten que mudar, e ten que facelo de inmediato. Cómpre que a Xunta de Galicia tome medidas urxentes.

É preciso, polo tanto, que a Xunta deteña esta deriva e que actúe para garantir o dereito de todos e todas a ter un fogar; dereito que nunca se lle debeu conculcar a ninguén.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 39344
Data envio: 24/10/2018 14:09:04.354

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo todas as actuacións necesarias para garantir a estabilidade e o dereito á vivenda das persoas residentes na Patiña, en Cambre, iniciando de inmediato un proceso de información, diálogo e cooperación coas persoas afectadas, comezando por responder á petición de xuntanza destes.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.
Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/10/2018 13:59:37

Marcos Cal Ogando na data 24/10/2018 13:59:45

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 18:01
Nº Rexistro: 39352
Data envio: 24/10/2018 18:01:06.360

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á asistencia ás illas Ons.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A saturación de visitantes en espazos especialmente sensibles do noso país veñen ocupando numerosas noticias no último ano. Se no pasado verán destacou o caso da saturación das Illas Cíes e os incumprimentos das navieiras respecto ao número de viaxeiros fixados cada día, logo a praia das Catedrais, finalmente, este último verán saltaron á palestra as denuncias sobre as visitas ás Ons.

Deste xeito, asociacións ecoloxistas como Verdegaia denunciaron que varias navieiras estarían a desviar un gran número de viaxeiros ás Ons para evitar superar nas Cíes o máximo fixado de 2.200 persoas diarias. Así, a entidade sinala que algúns días Ons estaría recibindo ata 4.000 visitantes, máis do dobre do límite fixado no PRUX (1.800).

A entidade ecoloxista advirte de que este exceso é inasumible por esa illa, onde un estudo da Xunta fixa unha capacidade de carga ecolóxica das súas praias en 896 persoas/día. E advirte que "a maior parte dos visitantes desta illa durante o verán concéntranse nos areais". É dicir, que sería preciso reducir o máximo diario actual.

Gran parte do problema radica na falta de aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional (PRUX), un documento esencial para o correcto funcionamento e protección deste espazo, que permanece conxelado dende o ano 2011 e que acumula case 15 anos de atraso, pois tiña que estar en vigor dende o 3

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 18:01
Nº Rexistro: 39352
Data envio: 24/10/2018 18:01:06.360

GRUPO PARLAMENTAR en marea

de xullo de 2003.

Polo exposto no Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- Presentar, antes de que remate o ano en curso, o Plan Reitor de Uso de Xestión do Parque Nacional.

- Mudar o modelo de promoción turística da Xunta de Galicia sobre as Illas Atlánticas, de verán e praia, para enfocar as visitas cara os valores que representa o espazo: educación ambiental e respecto ao medio ambiente.

- Fomentar a desestacionalización das visitas facendo un esforzo na promoción das visitas en outono e primavera.

- Reducir o máximo de visitantes diarios aos 1200

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 18:01
Nº Rexistro: 39352
Data envio: 24/10/2018 18:01:06.360

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 24/10/2018 16:55:10

Luis Villares Naveira na data 24/10/2018 16:55:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 16:49
Nº Rexistro: 39390
Data envio: 25/10/2018 16:49:58.475

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia podería ser pioneira en medidas de prevención de envases e de xestión de residuos. Porque, por exemplo, o 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o *"World Economic Forum"* informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes.

Cómpre que Galicia mude as súas políticas para poder loitar mellor contra o cambio climático. Así, o Goberno debe adoptar medidas que fomenten a prevención de envases e tamén o uso de envases reutilizables, tales como:

1. A instalación de fontes de auga potable de acceso gratuíto nos espazos públicos ou o uso de auga en envases reutilizables.
2. A prohibición, con carácter xeral, de vender auga en botellas nos edificios e instalacións da Administracións Pública da Xunta de Galicia, salvo nos centros sanitarios e hospitalarios.
3. O ofrecemento á clientela, en establecementos de hostalería e restauración, da posibilidade dunha botella ou semellante con auga da billa e os vasos para o seu consumo, de maneira gratuíta e complementaria á oferta do propio establecemento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar medidas que fomenten a prevención de envases e o uso de envases reutilizables nos edificios e instalacións da Administración pública da Xunta de Galicia.
2. Establecer a obriga para os establecementos de hostalería e restauración de ofrecemento á clientela da posibilidade dunha botella ou semellante con

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 16:49
Nº Rexistro: 39390
Data envio: 25/10/2018 16:49:58.475

auga da billa e os vasos para o seu consumo, de maneira gratuíta e complementaria á oferta do propio establecemento.

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2018 16:46:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/10/2018 16:46:56

María Luisa Pierres López na data 25/10/2018 16:47:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/10/2018 16:47:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:29
Nº Rexistro: 39403
Data envio: 25/10/2018 18:29:53.499

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha das sociedades máis avellentadas do mundo (153,7 de índice de avellentamento, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos hai 154 de 65 e máis anos), situación que, por unha parte, enriquece a sociedade, e, por outra, aumenta a demanda de necesidades de coidados e de recursos públicos de atención, e tamén redunda no aumento da taxa de persoas dependentes e do número de persoas con demencias.

As persoas de máis de 65 anos de idade requiren atencións e servizos públicos especializados para dar resposta a unhas necesidades que están soportando económica, social e psicoloxicamente as familias, e dificultan a conciliación familiar, persoal e laboral tanto se as persoas maiores son dependentes coma se non.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda ofrecer 5 prazas de residencia por cada cen maiores de 65 anos. En Galicia, cunha poboación de 665.939 persoas que superan esa idade, ofrécense 3,05 prazas por cada cen, polo que os investimentos e o gasto público da Xunta Galicia están sendo totalmente insuficientes e ineficaces para atender as necesidades da poboación avellentada. No caso do Concello de Pontevedra só hai aberta unha residencia de maiores de xestión pública, con 136 prazas.

Seguindo a recomendación da OMS, para as 19.065 persoas maiores de 65 anos residentes en Pontevedra precisaríanse 953 prazas. Mesmo comparando coa rateo galega, Pontevedra tería que ter 581 prazas. A día de hoxe, sumando as prazas públicas e as privadas, só hai en Pontevedra 1,75 prazas por cada cen maiores de 65 anos.

Contar con novas residencias nas sete cidades foi unha promesa de Feijóo no discurse de investidura, co compromiso de case 1000 prazas máis antes de fin de lexislatura. Sen embargo, no Proxecto de Orzamentos de 2019, os fondos para a residencia de Pontevedra redúcense a unha parte non especificada dos 1,2 m € destinados á provincia de Pontevedra (residencias de Vigo e Pontevedra) do "Plan coma na Casa".

Un centro para a atención e coidado destas persoas en Pontevedra era o Asilo, rexentado pola congregación relixiosa das Irmás dos anciáns desamparados. Estivo funcionando case 130 anos e, antes do seu peche por sorpresa en 2012, residían nel 160 persoas maiores, con diferentes graos de dependencia e situación económica precaria.

O Grupo Municipal de Marea Pontevedra propón ao Pleno de dito Concello recuperar este espazo para, tras o correspondente acondicionamento, convertelo nunha residencia de maiores homologada e pública. A súa reapertura como residencia faría innecesario que a Xunta abrise o Hospital Provincial ao uso xeriátrico, mantendo o seu exclusivo e xa centenario uso sanitario, como defende a plataforma SOS Sanidade Pública (e como quedou plasmado na Iniciativa Lexislativa Popular presentada no Parlamento de Galicia en 2017, rexeitada pola maioría da Cámara, do PP).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:29
Nº Rexistro: 39403
Data envio: 25/10/2018 18:29:53.499

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Cómpre destacar, desde a perspectiva sanitaria, a pouca distancia que media entre o Asilo ao propio Hospital de Pontevedra, ao centro de saúde e ao punto de atención continuada da Parda, ao Hospital de Montecelo (a menos de dez minutos de ambulancia), e mesmo ás estacións de ferrocarril e autobuses, o que facilitaría os desprazamentos das visitas de fóra a persoas maiores residentes.

Contar cun gran centro residencial destas características tamén sería un revulsivo a afectos de emprego, polo alto número de postos de traballo que crearía.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a comprometerse a habilitar unha residencia de maiores de xestión pública en Pontevedra, antes de 2020, en colaboración co Concello de Pontevedra

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/10/2018 18:28:48

Luis Villares Naveira na data 25/10/2018 18:28:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39147
Data envio: 18/10/2018 18:50:51.667

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Galicia conta con case 1.500 quilómetros de costa, que vai desde o concello de Ribadeo, na provincia de Lugo ata o concello da Guarda, na provincia de Pontevedra, e ademais conta con multitude de entrantes e saíntes e illas pequenas.

A costa galega en xeral, é escarpada sobre todo no norte da provincia da Coruña e a Mariña lucense, e con descensos pouco suaves na provincia de Pontevedra.

As rías galegas teñen unha gran importancia pesqueira, contribuíndo a que a costa galega sexa unha das zonas pesqueiras máis importantes do mundo, polo que hai que buscar a interacción entre os turistas e as xentes do mar para que compartan as experiencias e a cultura mariñeira.

Como dicía Álvaro Cunqueiro, Galicia é "o país dos dez mil ríos" cando se refería á nosa paisaxe e idiosincrasia, debido a grande cantidade de cursos fluviais. Tamén conta con moitos encoros, que aparte da produción de enerxía eléctrica, son navegables para pequenas barcas e propicia a celebración de festas semi-acuáticas.

No plano turístico, sabemos que a costa galega é visitada por unha multitude de turistas, xa que, as excelentes praias e as súas magníficas vistas son incentivos máis que suficientes para atraer a visitantes. Ademais, os deportes navais e náuticos están a ter cada vez máis auxe e estanse a organizar cada vez mais campionatos en territorio galego, atraendo tanto a novos deportistas como a deportistas xa consolidados de ámbito nacional e internacional.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39147
Data envio: 18/10/2018 18:50:51.667

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Promocionar e impulsar as novas formas de "*Blue Economy*", principalmente o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco.

2º) Que a Axencia de Turismo de Galicia, nun prazo de seis meses, elabore un estudo do impacto socioeconómico sobre o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco en Galicia e a súa repercusión nos demais sectores.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39147
Data envio: 18/10/2018 18:50:51.667

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 16:29:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 16:30:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 16:30:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39150
Data envio: 18/10/2018 18:55:08.278

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Con motivo do próximo Xacobeo 2021 e a separación da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria en dúas, cremos conveniente realizar un exhaustivo seguimento sobre as operacións, investimentos e melloras que se están a realizar nos diferentes tramos dos distintos camiños de Santiago. A incorporación do Camiño de Inverno e o crecente aumento de afluencia peregrina noutros camiños distintos ao Camiño francés fan desta proposta de resolución unha proposta firme que ofrecerá maior información aos diferentes negocios con intereses nas rutas xacobeas, así como aos seus usuarios.

Co fin de ter un "mellor Xacobeo da historia", en palabras do presidente Feijóo, é preciso ofrecer información actualizada e continua do que se está a facer. Un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobea vese como imprescindible a tan só un ano e medio escaso.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Remitir trimestralmente á Cámara galega, un informe sobre as actuacións realizadas cara a realización do "Xacobeo 2021", e onde, entre outras medidas, que contemple os investimentos necesarios para potenciar as actuacións nos Camiños de Santiago que se atopan en peor estado de conservación, tendo en conta as opinións de usuarios e expertos.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39150
Data envio: 18/10/2018 18:55:08.278

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 18:48:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 18:48:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 18:48:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:24
Nº Rexistro: 39170
Data envio: 19/10/2018 12:24:16.700

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate na **Comisión 7.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En agosto deste ano, a ex-conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, asinou coas organizacións agrarias e cooperativas un documento no que se reflexaba a postura institucional do Goberno cara a reforma da política agraria común (PAC). O documento foi entregado ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que as achegas de Galicia estiveran presentes na posición de España como Estado membro da Unión Europea (UE). No texto reclamábase un único plan estratéxico por Estado para as axudas da PAC, que recollera as singularidades de cada comunidade autónoma. Así, a Xunta fixaba "a postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural".

No punto primeiro do documento dicíase literalmente "1) A Comisión mantén a proposta de que cada país deseñe un modelo propio de aplicación elaborando un plan estratéxico nacional dando máis capacidade aos estados membros para adaptar a PAC á súa realidade territorial, produtiva e sectorial".

Máis adiante, engadíase: "Consideramos imprescindible que tal como establece o proxecto de Regulamento haxa un único Plan estratéxico da PAC por Estado

membro. (...) O novo regulamento debe establecer criterios uniformes para todos os estados".

Recentemente, o actual conselleiro de Medio Rural, José González, acudiu ao Consello de Ministros de Agricultura da UE acompañado polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas. No Consello defendeu a posición que se expuxera no documento, polo que, oficialmente, Galicia apostou diante de Europa por un único plan estratéxico por Estado que tivera en conta as singularidades autonómicas, co obxecto de simplificar a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades entre os beneficiarios. Isto podería ter sido doutra maneira moi distinta, como demostraron Cataluña e o País Vasco, que optaron por propoñer un plan estratéxico da PAC propio. Esta iniciativa xa a contempla a Comisión Europea, que permite plans estratéxicos rexionais adaptados ás necesidades dos territorios. Non fai falla subliñar que contar cun plan propio para Galicia sería de moito proveito, xa que se adaptaría mellor ás nosas peculiaridades e as nosas necesidades específicas.

Porén, o Goberno da Xunta optou por demandar un único plan estratéxico, na liña do que xa fixera o anterior goberno central, así como o actual. Isto contradí a vontade expresada por Medio Rural de atender ás diferencias e especificidades de cada comunidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª

O Parlamento galego insta á Xunta a defender que Galicia conte cun plan estratéxico propio de cara ao vindeiro período da PAC.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:24
Nº Rexistro: 39170
Data envio: 19/10/2018 12:24:16.700

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 19/10/2018 12:07:10

David Rodríguez Estévez na data 19/10/2018 12:07:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:55
Nº Rexistro: 39177
Data envio: 19/10/2018 12:55:18.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro de 2018 coñeceuse pola prensa que o fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado, tiña interposto unha querela contra a secretaria xeral técnica e de Patrimonio da Consellaría de Facenda, Mª del Perpetuo Socorro M.H. e o subdirector de Patrimonio, Pablo Jacobo M.P., considerando a existencia de posíbel delito de coaccións inmobiliarias conducentes a forzar a expulsión duns arrendatarios ourensáns acollida a unha renda antiga, mediante a retirada e devaluación de servizos básicos.

Varias persoas serían vítimas dunha serie de prácticas abusivas destinadas a presionar e intimidar as persoas inquilinas do número 1 da rúa da Habana, un edificio situado no centro de Ourense, dirixidas desde a Consellaría de Facenda.

A Fiscalía estabelece unha serie de circunstancias que, de verificarse, serían de extrema gravidade, como o non arranxo dun ascensor como medida de presión, a falta de limpeza e mantemento, etc que revisten máis gravidade e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:55
Nº Rexistro: 39177
Data envio: 19/10/2018 12:55:18.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aleivosía se temos en conta que a Xunta de Galiza tiña tentado o desaloxo, desbotado pola xustiza, no 2014.

A Xunta ten negado as acusación. Porén, cómpre avaliar se foi neglixencia e incompetencia ou se se trata dunha cuestión premeditada. Independentemente do resultado xudicial, é evidente que unha situación tan grave require de responsabilidades políticas, pois as propias fotografías coñecidas demostran un desleixo e desamparo inadmisíbeis que poñen en entredito o traballo de toda a Consellaría de Facenda.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a remitir un informe completo á Cámara Galega sobre a situación do edificio número 1 da Avenida da Habana en Ourense así como a tomar medidas de cese de responsabilidade política diante da gravidade dos feitos xa demostrados e das acusacións da Fiscalía."

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

127692

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:55
Nº Rexistro: 39177
Data envio: 19/10/2018 12:55:18.296

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2018 12:53:23

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2018 12:53:29

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2018 12:53:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2018 12:53:31

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2018 12:53:33

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2018 12:53:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 13:06
Nº Rexistro: 39182
Data envio: 19/10/2018 13:06:45.088

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga e Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O colexio Xulio Camba do Concello de Vilanova leva demandando a ampliación do seu recinto máis dunha década. A petición vén motivada pola necesidade de adecuar o espazo ao incremento paulatino do alumnado e aos desdobramentos dos grupos, que precisan de varias aulas dispoñibles. Ademais, os pais e nais dos rapaces queren que a instalación conte cun comedor escolar que, na actualidade, non tería oco en ningures.

O proxecto de ampliación foi redactado xa no ano 2007, fai agora once anos, pero aínda non foi executado. O alcalde do Concello bótalle a culpa da parálise a Costas del Estado, xa que o terreo no que se asenta o colexio lle pertence. Dende Vilanova, estívose negociando durante anos a desafección do lugar, pero sen ningún éxito.

A desafección dos terreos non só afectaría ao colexio Xulio Camba, tamén se atopan nel a praza e un pavillón de máis de 20.000 metros cadrados, polo que, para calquera arranxo ou nova edificación, lle teñen que pedir permiso a Costas del Estado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 13:06
Nº Rexistro: 39182
Data envio: 19/10/2018 13:06:45.088

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Nunha situación semellante atópase a zona do cabo, que, sen ter nada que ver co porto, pertence a Portos de Galicia.

Así, o que observamos é que o pobo de Vilanova se atopa fragmentando e dividido entre tres administracións (portos, costas e concello), o que da lugar aos previsibles conflictos competenciais. Esta situación non é, nin moito menos, excepcional en Galicia, senón que afecta a moitos concellos costeiros.

Polo que respecta a En Marea, entendemos que estas zonas teñen que pasar a ser competencia municipal, xa que son os concellos os que están máis en contacto con elas e coas necesidades dos veciños e veciñas que os habitan no día a día.

Por todo o exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 8.ª:**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Esixir ao Goberno do Estado que Costas del Estado lle entregue ao Concello o terreo sobre o que se asenta o colexio Xulio Camba, a praza e un pavillón, para que pase a ser titularidade municipal.
- Que Portos de Galicia entregue o terreo da zona do cabo ao Concello para que pase a ser titularidade municipal.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 13:06
Nº Rexistro: 39182
Data envio: 19/10/2018 13:06:45.088

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Carmen Santos Queiruga

Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/10/2018 13:02:10

Paula Quinteiro Araújo na data 19/10/2018 13:02:19

Carmen Santos Queiruga na data 19/10/2018 13:02:26

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 10:20
Nº Rexistro: 39192
Data envio: 22/10/2018 10:20:49.843

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araújo e Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

A gripe non supón un grave risco para a meirande parte das persoas, pero si para algúns colectivos vulnerables, que poden chegar a padecer patoloxías severas e complicacións mortais. Comprobámolo, de novo, o pasado inverno, no que se rexistraron máis de 250 falecementos só en Galicia, segundo os datos do Sergas. O incremento con respecto ao ano 2017, no que morreron 138 persoas, é máis que notable. Os números tamén son preocupantes se reparamos nos ingresos hospitalarios. O ano pasado foron 3.841 pacientes, case o dobre que a tempada anterior. O 6,25% deles precisaron asistencia en unidades de coidados intensivos.

Aínda que as cifras se explican parcialmente pola duración da epidemia, que no 2018 foi de quince semanas fronte ás oito de 2018, cómpre preguntarse cantas defuncións se poderían ter evitado cunha mellor educación sanitaria e con máis medios nos dispositivos de asistencia que van dende atención primaria ata as urxencias hospitalarias.

Non é un segredo que a situación da sanidade galega precisa dunha pronta mellora. Os traballadores e traballadoras e as centrais sindicais, así como os colectivos de defensa da sanidade pública levan anos alertando da situación de precariedade que afrontan os centros sanitarios galegos. O seu persoal quédase

curto durante gran parte de ano, pero a falta de profesionais agrávase cando se producen picos de enfermidades.

Por todo isto, cada ano, coa chegada estacional do pico da gripe, todos os dispositivos asistenciais se colapsan, desde Atención Primaria a Urxencias hospitalarias, incluíndo ingresos. A política de recursos humanos no SERGAS está a demostrar que cada vez é máis frecuente a non cobertura de dispositivos asistenciais (léase PACs)

Por outra banda, a chegada da gripe é inminente, inevitable e a súa abordaxe programable tendo en conta os coñecementos en Epidemioloxía e Saúde Pública. Durante a epidemia resultaría desexable que a poboación galega recibise atención sanitaria proporcional ás súas necesidades.

As campañas de educación sanitaria para o automanexo de problemas de saúde en persoas sans son insuficientes, e as mensaxes sobre a correcta utilización do sistema sanitario son incoherentes, fomentándose así un asistencialismo insostible.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Poñer tódolos medios profesionais e de infraestruturas necesarios para un óptimo dimensionamento da atención sanitaria co previsible repunte da demanda asistencial durante a inminente e ineludible epidemia de gripe estacional.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 10:20
Nº Rexistro: 39192
Data envio: 22/10/2018 10:20:49.843

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Artellar e difundir campañas e mensaxes claras sobre o uso correcto dos dispositivos asistenciais, así como dun correcto hábito de autocoidado e autorresponsabilidade en saúde.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Vázquez Verao
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 22/10/2018 10:08:16

Paula Vázquez Verao na data 22/10/2018 10:08:24

Paula Quinteiro Araújo na data 22/10/2018 10:08:29

Luis Villares Naveira na data 22/10/2018 10:09:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 10:53
Nº Rexistro: 39200
Data envio: 22/10/2018 10:53:06.302

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estevez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o se debate na Comisión 7.ª, sobre a implantación dun servizo único e público de prevención extinción de incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O número de incendios que afectaron aos montes galegos durante o mes de outubro de 2017 duplicou as cifras habituais doutros anos nas mesmas datas. Entre o día 14 e o 16 de outubro, Galicia sufriu unha gran vaga de lumes, aos que á Xunta respostou con improvisación e ineficacia.

Dende En Marea xa denunciaramos en varias ocasións que iso ía pasar, e esa fin de semana de fai un ano dérase o cóctel perfecto: Lumes de segunda xeración, permanente seca, temperaturas elevadas, humidade, velocidade do vento, actividade incendiaria... xunto coa eucaliptización, abandono do rural, falta de ordenación, nula política preventiva, etc. Todo iso deu un resultado catastrófico: 4 persoas falecidas e aproximadamente 49.000 hectáreas calcinadas.

Se algo amosaron os lumes deses días foi a total e absoluta falta de previsión da Xunta, así como unha improvisación intolerable. Agora, cumprido un ano desa tráxica fin de semana, cómpre avaliar o acontecido neste tempo.

Nesa fin de semana foron de destacar tanto os fallos no dispositivo contra incendios (faltou organización, coordinación e disposición de medios) como no actual modelo forestal que temos en Galicia, na información á poboación, etc. Non se soubo afrontar a emerxencia nin nas vilas nin nas cidades.

Esa fin de semana fallou o dispositivo, constatándose que a Xunta de Galicia obvia as súas obrigas nesta materia, por unha banda porque o servizo de Emerxencias de Galicia está totalmente desregulado e segregado e por outro lado, porque a Lei de Emerxencias de Galicia atópase sen desenrolar dende fai máis de dez anos.

A Xunta e a delegación do Goberno en Galicia insistiran en que houbo control da situación e que foron máis de 5.000 os efectivos que estiveron traballando para sufocar os incendios desas datas, unhas cifras que para nada coincidían coas que aportaron os profesionais dos servizos de emerxencia: Houbo falta de medios por non ser quen dende o goberno de xestionar algo tan elemental como as contratacións de servizos de acordo coas esixencias da realidade, alén das rémoras orzamentarias ou legais, o que mermou o servizo en 936 persoas entre as traballadoras do SPDCIF e de SEAGA, ás que houbo que engadirlle as brigadas dos concellos que xa extinguiran os contratos. Iso provocou que non se tiveran previsións suficientes de persoal de terra e ataque para as extincións. Tampouco se dispuña das brigadas helitransportadas da Xunta porque non se prorrogou o tempo de contrato dos helicópteros. Non se cubriron as baixas, polo que os equipos estaban baixo mínimo nesa época. Despois de non prorrogarlles antes os contratos a sabendas da situación de risco, o sábado 15 de outubro, persoal adscrito ao SEAGA era informado da prórroga no seu tempo de servizo por un prazo de quince días (que posteriormente lles volverían prorrogar ata o 12 de novembro), retomando o traballo o domingo, case sen contar nin con material preciso. Os axentes de medio ambiente estiveron en adscrición obrigada a incendios ate o día 30 de setembro, e a pesares da situación de risco non se lles prorrogou a adscrición, como consecuencia, aínda que neses momentos estiveran de garda, non podían realizar esas funcións. E así a todo, dende a Xunta non foron quen de recoñecer a desestacionalización dos lumes.

Esa desidia por parte da Xunta deu e segue dando lugar a que cada concello, deputación e incluso a propia Xunta teñan que crear diferentes corpos para prestar estes servizos, dando lugar a un conglomerado difícil de entender e de xustificar, precario e desorganizado, conformado por: bombeiros públicos en concellos de máis de 20.000 habitantes (funcionarios de carreira), bombeiros comarcais -públicos e privados-, Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), bombeiros forestais do SPDCIF, municipais, da empresa SEAGA, da empresa TRAGSA, exército, protección civil, CIAE 112, etc.

Esta atomización fai moi complicado realizar unha xestión rápida, eficiente e coordinada, producindo problemas gravísimos de comunicación (mesmo entre os distintos entes que operan nun incendio), burocracia excesiva, tempos inadmisibles de resposta, etc. Ao que se lle debe engadir unha formación precaria e desregulada, a falta de protocolos de promoción e procedementos unificados de traballo, etc.

Durante o Pleno do Debate do Estado da Nación, o presidente da Xunta manifestou que "que a extinción e prevención dos incendios sexa pública recórdame aos soviets da Unión Soviética", deixando claro que a idea do seu goberno é continuar sometendo aos servizos de emerxencias a unha progresiva perda de dereitos laborais a través de externalizacións.

Galicia arderá mentres haxa empresas que saquen beneficio do lume. Nin os medios aéreos nin os parques de bombeiros poden ser privados. O servizo de prevención e loita contra o lume en Galicia debe ser único e público.

A Xunta debe facer autocrítica e poñer en marcha medidas urxentes que aborden o problema dos incendios forestais de maneira global e que aposten por unha ordenación territorial sostible, un cambio de modelo forestal e un rural vivo. De non facelo, situacións como a desa dramática fin de semana do outubro pasado poderían repetirse.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 10:53
Nº Rexistro: 39200
Data envio: 22/10/2018 10:53:06.302

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O goberno debe deixar de lado a autocomplacencia e tomarse en serio a nosa política forestal, o noso territorio, e o noso servizo de prevención e extinción de incendios, pois negámonos a que a veciñanza teña que volver a vivir unha fin de semana tráxica como aquela, onde moita xente apagou o lume coas súas propias mans, onde houbo falecidos... mentres o presidente da Xunta dicía que non pasaba nada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Tomar as medidas oportunas para implantar de xeito real e efectivo a xestión cen por cen pública do servizo de prevención e extinción de incendios.
- Garantir a suficiencia de persoal e medios materiais no servizo de prevención e extinción de incendios.

Santiago de Compostela a 19 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/10/2018 13:58:21

Paula Quinteiro Araújo na data 19/10/2018 13:58:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 10:53
Nº Rexistro: 39200
Data envio: 22/10/2018 10:53:06.302

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 19/10/2018 13:58:31

David Rodríguez Estévez na data 19/10/2018 13:58:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39204
Data envio: 22/10/2018 11:02:22.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ás condicións laborais e de seguridade industrial e laboral nas obras do AVE no territorio galego, con especial atención a Ourense, e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, outra morte no mes de outubro dun operario das obras do AVE que volcou en Laza (Ourense) sumado a recentes incidentes con lesións non causantes de morte, volven levantar dúbidas sobre a seguridade e as condicións laborais que se dan neste tipo de obra, unha situación especialmente grave por ser de financiamento público.

Cómpre recordar que con esta persoa son xa nove persoas falecidas na construción da presunta alta velocidade ao seu paso por Galiza durante case unha década. Unha cifra que non se pode permitir e o sindicato CIG xa avanzou a súa intención de volver denunciar penalmente esta situación.

127705

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39204
Data envio: 22/10/2018 11:02:22.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das cuestións que permanentemente saltan á vista é o abuso de xornadas irregulares e excesivas. Non en van, hai menos dun mes tamén se coñecía a condena a seis empresas construtoras do AVE entre Ourense e o Estado por adebedar até mil horas extraordinarias a un obreiro que tiña levado a cabo xornadas de ata doce horas diarias mesmo seis días á semana. Un exemplo da situación esclavista que se dá nesta zona, onde tamén a proximidade a Portugal e a falta de inspección facilita a sobreexplotación de traballadores transfronteirizos.

O que sucede nestas obras é o resultado da sobreexplotación no sector da construción, sen que Inspección, Fomento ou Xunta de Galiza activen os mecanismos dos que dispoñen para evitalo, o que supón unha actitude temeraria e convertérense en parte fundamental do problema.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións precisas para poñer fin á sobreexplotación nas obras do AVE e garantir o cumprimento dos dereitos laborais e de seguridade industrial, para o que se demanda:

1. A realización dunha auditoría sobre seguridade industrial.

127706

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39204
Data envio: 22/10/2018 11:02:22.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Colaborar coa Inspección Laboral e o goberno central para facer unha inspección laboral integral e manter unha vixilancia periódica sobre estas obras con especial atención ás condicións das e aos traballadores transfronteirizos.

3. Constituír unha Mesa de diálogo coas forzas sindicais para as cuestións que sexan precisas."

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2018 10:57:36

127707

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39204
Data envio: 22/10/2018 11:02:22.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2018 10:57:42

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2018 10:57:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/10/2018 10:57:46

Olalla Rodil Fernández na data 22/10/2018 10:57:49

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2018 10:57:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 13:14
Nº Rexistro: 39226
Data envio: 22/10/2018 13:14:15.790

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 1.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Tribunal Supremo dita unha sentencia na que pon fin á disputa sobre quen deber facerse cargo dos gastos hipotecarios no referente ao ITPAXD, o imposto que grava os actos xurídicos documentados e que supón unha carga máis para as persoas hipotecadas.

A xente con hipoteca pode empezar a reclamar, se o exercicio non lles prescribiu e para elo teñen un máximo de catro anos.

Para realizar a labor de asesoramento necesítase que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia achegue información e realice campañas divulgativas no sentido de achegar á maior parte das persoas consumidoras esta boa nova e que poidan reclamar canto antes.

O instituto regulado actualmente polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, conta entre as súas funcións a orientación, formación e información ás persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos así como a forma de exercelos.

Ademais, ten funcións de impulso e formación a cidadanía e pode facer propostas de adopción de programas de educación no consumo de xeito permanente e colaborar e cooperar coas administracións públicas e outras institucións para a consecución destes obxectivos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 13:14
Nº Rexistro: 39226
Data envio: 22/10/2018 13:14:15.790

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Tamén terá que velar para que os novos contratos de préstemo e crédito hipotecarios non conteñan o uso de novas cláusulas abusivas e propor iniciativas á administración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a :

1.- Instar ao Instituto Galego de Consumo e da Competencia a difundir e publicitar o contido emanado da sentencia 1505/2018 do TS.

2.- Formar e informar aos consumidores na protección e execución dos seus dereitos financeiros.

3.- Asesorar legalmente aos consumidores poñendo á súa disposición modelos de petición de devolución de cantidades.

3.- Propor un plan de devolución voluntaria destas cantidades por parte das entidades bancarias.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/10/2018 13:13:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 13:14
Nº Rexistro: 39226
Data envio: 22/10/2018 13:14:15.790

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Carmen Santos Queiruga na data 22/10/2018 13:13:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39264
Data envio: 22/10/2018 19:26:06.394

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

A Fiscalía Xeral de Ourense vén de presentar unha querela contra dous altos cargos da Consellería de Facenda por presuntas coaccións inmobiliarias a Lucila, unha nonaxenaria ourensá que leva anos padecendo prensións por parte da Xunta de Galicia para desaloxar a súa vivenda, como xa temos denunciado noutras iniciativas.

Lucila leva dende o ano 1963 vivindo nun piso de renda antiga sito na avenida da Habana, número 1, de Ourense. Trala defunción do seu marido, no ano 1994, asumiu a titularidade do contrato.

No ano 2001, Lucila advertiu que non se lle estaba cobrando o aluguer e que o seu edificio non desfrutaba dos servizos básicos de limpeza e mantemento. Ese mesmo ano, o subdirector de Patrimonio informou a anciá de que o inmoble pasara a ser propiedade da Consellería, e leváronse a cabo as obras e os cambios de instalacións que correspondían.

Porén, a faciana amable do Goberno mudou no ano 2012, cando Socorro Martín Hierro tomou posesión do cargo de secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda. Foi entón cando ela máis o seu subdirector, Pablo Jacobo Moure, decidiron que a Xunta de Galicia debía recuperar a plena posesión

do edificio no que vivían Lucila e outro veciño, fora da maneira que fora, razón pola cal agora están ambos querelados.

A presión sobre Lucila e un veciño seu que residía no mesmo edificio foise incrementando pouco a pouco co paso do tempo. En outubro de 2013, Facenda pediulle a Lucila que abandonase o seu piso. Ela negouse argumentando que a Xunta non lle dera ningunha razón para facelo. Naquel intre suprimíronse subitamente o mantemento das zonas comúns: cesou a limpeza e a reparación dos danos; o alumeado deixou de substituírse cando fallaba; e o máis grave: deixouse de manter algo tan fundamental para as persoas maiores como é o ascensor. En poucas palabras, segundo a Fiscalía o Goberno da Xunta de Núñez Feijóo decidiu incumprir as súas obrigas vencelladas á propiedade para desaloxar aos inquilinos pola vía da coacción.

Como non conseguirá os seus obxectivos, no ano 2014 a Consellería adoptou unha nova estratexia: desafiuzar aos inquilinos pola vía xudicial. Novamente, o intento de desaloxo fracasou. O xulgado de primeira instancia número 2 de Ourense desestimou a demanda e, cando Facenda recorreu ante a Audiencia, esta deu a razón por segunda vez á anciá en sentenza firme.

Porén, isto non foi dabondo para a Xunta de Galicia, que o 16 de novembro de 2017 contactou con Lucila e o seu veciño para preguntarlles cales serían as condicións nas que aceptarían abandonar a o inmoble. O escrito estaba redactado polo subdirector e asinado pola secretaria. O día 20 de ese mesmo mes, a administración publicou no DOG a convocatoria do concurso para a redacción do proxecto dun edificio de oficinas no inmoble dos dous inquilinos. Dous meses máis tarde, Facenda adxudicou por máis de 30.000 euros as obras de rehabilitación para adaptar o espazo aos servizos administrativos da Xunta, aínda que Lucila e o seu veciño continuaban nas súas respectivas vivendas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39264
Data envio: 22/10/2018 19:26:06.394

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Un mes despois, en febreiro de 2018, a Xunta mandou unha nova carta a Lucila e o seu veciño na procura dunha "solución amistosa" antes de "acudir a vía xudicial".

Por se non fose o bastante dura, a vida de Lucila complicouse aínda máis o pasado verán. A anciá rompeu a cadeira, polo que non podía subir as escaleiras que levan ao seu piso. Así, tivo que trasladarse a un hotel do centro preto da vivenda da súa filla.

Todo isto é o que levou ao fiscal xefe de Ourense a presentar a querela contra os dous altos cargos da Xunta, por ser eles quen xestionaron o desaloxo frustrado recorrendo á coacción institucional.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Tomar as medidas necesarias para garantir o dereito a desfrutar da vivenda dos inquilinos actuais do edificio propiedade da Administración autonómica do xeito que legalmente lles corresponde.
- Cesar dos seus cargos aos responsables da persecución e coacción sufrida polos inquilinos

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018-10-22

Asdo.: Antón Sanchez García
Marcos Cal Ogando

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39264
Data envio: 22/10/2018 19:26:06.394

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Vicevoceiro e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 22/10/2018 19:21:26

Marcos Cal Ogando na data 22/10/2018 19:21:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 11:18
Nº Rexistro: 39268
Data envio: 23/10/2018 11:18:08.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a evitar o peche do CAISS de Vilagarcía de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de ter coñecemento de que por parte da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social se trasladou a seguinte circular:

"Os informamos que por razones operativas el CAISS de Vilagarcía de Arousa permanecerá cerrado del 25 de octubre al 9 de noviembre, ambos inclusive" .

Segundo denuncian os representantes da Cig este peche é debido á falta de axilidade e capacidade da dirección da entidade por non saber atallar a tempo este problema. No Centro de Atención e Información da Seguridade Social de Vilagarcía levan meses nunha situación en precario, traballando baixo mínimos, sobre presión, na que a imaxe da entidade cara a poboación do Salnés se veu deteriorada; @s representantes d@s traballadores/as levan solicitado reunións coa Secretaria provincial sen que teña posto data á mesma.

Resulta evidente que este peche ocasiona un grave prexuizo para @s veciñ@s dos concellos da comarca do Salnés que teñen como referencia esta oficina do CAISS

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 11:18
Nº Rexistro: 39268
Data envio: 23/10/2018 11:18:08.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Vilagarcía de Arousa para realizar as súas xestións, razóns polo cal o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en demanda de que realice todas as accións precisas para evitar o peche do CAISS de Vilagarcía de Arousa durante o período previsto entre o 25 de outubro e o 9 de novembro, e deste xeito non prexudicar sen servizo @s veciñ@s da comarca do Salnés."

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

127717

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 11:18
Nº Rexistro: 39268
Data envio: 23/10/2018 11:18:08.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2018 10:49:55

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2018 10:49:59

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2018 10:50:03

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2018 10:50:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2018 10:50:11

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2018 10:50:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 13:41
Nº Rexistro: 39283
Data envio: 23/10/2018 13:41:06.950

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estevez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o se debate na Comisión 7ª**, sobre a implantación de plans de autoprotección de núcleos rurais en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano pasado, durante a fin de semana da vaga de lumes que asolou Galicia entre o 14 e o 16 de outubro, a Xunta confirmou que un total de 17 focos dos máis de cen incendios activos na Comunidade Autónoma atopábanse en "Situación 2", o segundo nivel de emerxencia máis alto, é dicir, que ameazaban núcleos de poboación.

Os bombeiros que acudiron a desaloxar á veciñanza da zona de Chandebrito tras confirmarse unha situación de alerta de nivel 2 atopáronse con dúas persoas falecidas no interior dunha furgoneta, na que se desprazaban cando quedou cercada polo lume nunha zona arborada.

Segundo o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), a "Situación 2" defínese como unha situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa previsible evolución, poden afectar gravemente á poboación e aos bens de natureza non forestal, e que esixa a adopción inmediata de protección e socorro. Pode ser necesario que, á solicitude do órgano competente da Comunidade Autónoma, sexan incorporados

medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.

O Plan activarase en Situación 2 cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A problemática dos núcleos rurais de poboación, situados en zonas forestais, caracterízase por unha dobre perigosidade: por unha banda polo risco de xerar incendios forestais e pola outra banda o perigo de ser afectados por eles. Este carácter bidireccional existente entre o monte e as persoas viuse incrementado nas últimas décadas debido ao abandono progresivo das terras de cultivo que habitualmente se situaban na periferia destes núcleos de poboación, impedindo o contacto directo entre as vivendas e o monte. Ao desaparecer en moitas zonas a actividade agrícola, a descontinuidade monte-casas descendeu, polo que hoxe en día existe un contacto directo entre o monte e as vivendas ao longo do noso territorio.

Debido a isto, hai que ter presente que estas zonas habitadas incrementan o risco de orixinar un incendio forestal, a causa das diferentes actividades que nelas se realizan, polo que as persoas que viven nestas zonas, non so deben aumentar a precaución para non xerar ningún incendio, senón que tamén deben ser conscientes de que o lume pode chegar ata os seus fogares dende o exterior, supondo un elevado risco para as familias, as vivendas e os bens.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 13:41
Nº Rexistro: 39283
Data envio: 23/10/2018 13:41:06.950

De aquí despréndese a importancia do concepto de Autoprotección, posto que as propias zonas habitadas teñen unha tarefa prioritaria e fundamental no ámbito da defensa contra incendios forestais.

As principais bazas para conseguir a autoprotección son un mantemento axeitado da vexetación que cree espazos defensivos adecuados ao entorno, unha boa rede de hidrantes, liñas de defensa húmidas e unha correcta sinalización da rede viaria.

A autoprotección debe implicar de forma conxunta tanto ás diferentes institucións e organismos públicos como á veciñanza de cada zona na defensa dos terreos forestais, vivendas e vidas humanas.

Cómpre prestar unha especial atención á formación e á concienciación da poboación en xeral, con mensaxes preventivos e pautas de actuación en diferentes situacións, realizando sesións informativas sobre medidas de autoprotección, colocando planos con itinerarios de evacuación ou confinamento en caso de incendio ou emerxencia, etc.

Tamén é de especial importancia a realización de simulacros de confinamento e evacuación dos núcleos poboacionais no rural ante incendios forestais, para fomentar na poboación hábitos de resposta que axuden a mitigar os riscos xerados polos lumes, ademais de motivar á veciñanza para que leven a cabo esas accións de resposta con organización e coordinación, de maneira que se transformen en actores conscientes da súa propia seguridade. Os simulacros de evacuación serven tamén para probar o funcionamento e coordinación dos diferentes dispositivos implicados no operativo, co fin de estar preparados para actuar en caso de incidencia real.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 13:41
Nº Rexistro: 39283
Data envio: 23/10/2018 13:41:06.950

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

40 Xeracións de crédito
50 Reposicións de crédito
60 Incorporacións de crédito e gasto corrente
65 Incorporacións de crédito operacións de capital
70 Adscricións de crédito
60 Varios

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

PROPOSTA:
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,

AUTORIZADO E CONFORME O CONSELLEIRO DE FACENDA,
(P.D.: 10/02/2015)

EXPOSICION

A Consellería do Mar remite un expediente no que se solicita unha transferencia de crédito por importe de 315.000,00 € entre conceptos orzamentarios dos capítulos VI e VII dos programas 723A e 723B do seu orzamento de gastos.

A solicitude da transferencia de crédito ten por obxecto dotar a aplicación 14.02.723B.640.0, dentro do proxecto 2016 00286, para fomentar actuacións que permitan mellorar as medidas d comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura, e que están cofinanciadas con fondos FEMP, afectando ás seguintes modalidades de fianciamento:

Modalidade	**Importe (euros)**
4430	236.250
1020	78.750

A aplicación con cargo á que se solicita a transferencia negativa conta con crédito suficiente, para o que figura no expediente o documento RCt.

Esta transferencia non está suxeita ás limitacións do artigo 68.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo co disposto no apartado 3 do devandito artigo.

A modificación solicitada non altera a consecución dos obxectivos previstos nos programas nin é consolidable para exercicios futuros. Así mesmo faise referencia á incidencia nos indicadores do proxecto.

Consta no expediente o informe favorable da intervención delegada na Consellería do Mar e do Organismo Intermedio de Xestión do FEMP.

Por todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral, ao amparo do establecido no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva para a súa autorización o expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano,
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 62 86
Fax: 981 54 62 88

galicia

TR-14-022-18

Rfª. TR_23/18_SXT cap II

Vista a proposta formulada pola Secretaría Xeral Técnica para a modificación orzamentaria que máis abaixo se detalla, acórdase autorizala e remitila á Consellería de Facenda para a súa instrumentación.

Transferencia negativa				Transferencia positiva			
Aplicación	Prox.cont.	Mod	Importe	Aplicación	Prox.cont.	Mod	Importe
14.01.541C.224	2011 00867	1010	5.445,00 €	14.01.541C.203	2011 00867	1010	5.445,00 €
TOTAL			5.445,00 €	TOTAL			5.445,00 €

Santiago de Compostela,

A conselleira
A Secretaria Xeral Técnica
(P.A. art. 5.3 Orde do 8-09-17)
O Vicesecretario Xeral

XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA VICESECRETARIA XERAL CONSELLERIA DO MAR

Carlos Gómez Martínez

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Edificio Administrativo San Caetano, 5
15781 Santiago de Compostela
Tfnos. 981 544 017 – 981 544 030
Fax: 981 544 047

galicia

MEMORIA-PROPOSTA DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO

O obxecto desta modificación orzamentaria é realizar os reaxustes necesarios no capítulo II do programa de gasto 541C (Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo) da Consellería do Mar coa finalidade de facer fronte a un gasto para o que, nestes momentos, non existe dotación orzamentaria axeitada.

O Servizo de Gardacostas de Galicia desenvolve tarefas relacionadas coa función inspectora, basicamente na realización de todas aquelas actuacións dirixidas ao control dos establecementos e actividades de explotación dos recursos mariños, desde a súa produción ata a súa comercialización e transporte.

Para a realización destes labores de vixilancia e control, tamén se conta cos Gardapescas das Confrarías, que por quendas, realizan as pesaxes do mexillón extraído e emiten os correspondentes tiquets. Desta forma, faise necesario contar con unha instalación flotante (artefacto similar a unha batea), que dispoña dunha caseta onde se poidan gardar as básculas, impresos e talóns xustificativos da pesaxe , e se poidan realizar estas tarefas de control o abrigo dos elementos.

Esta instalación flotante situaríase na zona do Bohído, para efectuar as tarefas de control a flote nos bancos que pertencen as zonas de libre marisqueo. Como non se dispón da instalación antes descrita, faise necesario recorrer ao alugueiro dunha batea con caseta e con chan habilitado para estas funcións de control.

A estimación do gasto que supón o alugueiro desta instalación é de 5.445 € ata o remate do exercicio, para o cal se crearía o concepto orzamentario 203 dentro do programa orzamentario 541C mediante esta transferencia, que se financiaría coa aplicación orzamentaria 14.01.541C.224 onde existe remanente de crédito en contía suficiente.

Faise constar que a presente modificación de crédito non incrementa o gasto, non ten incidencia nos obxectivos e indicadores do proxecto que se minora e permite o cumprimento dos mesmos e non ten carácter consolidable en exercicios futuros.

En consecuencia, ao abeiro do artigo 67 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia), proponse a tramitación da transferencia de crédito que se detalla de seguido, sendo competente para a súa autorización a conselleira do Mar:

Transferencia negativa				Transferencia positiva			
Aplicación	Prox.c	Mod	Importe	Aplicación	Prox.cont.	Mod	Importe
14.01.541C.224	2011 00867	1010	5.445,00 €	14.01.541C.203	2011 00867	1010	5.445,00 €
TOTAL			5.445,00 €	TOTAL			5.445,00 €

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018
O subdirector xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ORZAMENTARIA E CONTRATACIÓN

Roberto Corbal González

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia TR-14-023-18	Periodo

Ref.:sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

CONSELLERÍA DO MAR

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito, por un importe de cinco mil euros (5.000,00€), entre conceptos orzamentarios incluídos no capítulo VI do programa 721A do orzamento de gastos da Consellería do Mar.

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do disposto no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
TRANSFERENCIA NEGATIVA					
Campañas, consultarías, estudios, asistencias e traballos técnicos	32	14.02.640.2	721A	**5.000,00**	
TRANSFERENCIA POSITIVA					
Reposición	31	14.01.635.2	721A	**5.000,00**	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de crédito
60	Incorporacións de crédito e gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
60	Varios

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

PROPOSTA:	AUTORIZADO E CONFORME O CONSELLEIRO DE FACENDA, (P.D.: 10/02/2015)
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,	

EXPOSICION

A Consellería do Mar remite un expediente no que se solicita unha transferencia de crédito por importe de 5.000,00 € entre conceptos orzamentarios do capítulo VI do programa 721A do seu orzamento de gastos.

A solicitude da transferencia de crédito ten por obxecto dotar a aplicación 14.01.721A.635.2, proxecto 2015 00606, para reposición de mobiliario para diferentes dependencias da Consellería.

A aplicación con cargo á que se solicita a transferencia negativa conta con crédito suficiente, para o que figura no expediente o documento RCt.

Esta transferencia cumpre as limitacións do artigo 68.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

A modificación solicitada non altera a consecución dos obxectivos previstos nos programas nin é consolidable para exercicios futuros.

Consta no expediente o informe favorable da intervención delegada na Consellería do Mar.

Por todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral, ao amparo do establecido no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva para a súa autorización o expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia **TR-14-024-18** **AM-14-006-18** **BC-14-008-18**	Período

Ref.:mcp/sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

CONSELLERÍA DO MAR

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito por importe de trinta e un mil douscentos setenta e un euros e cincuenta e seis céntimos (31.271,56 €) entre conceptos orzamentarios dos capítulos VI e I do programa 561A; e **ampliación de crédito,** por importe de dez mil douscentos corenta e un euros e corenta e tres céntimos (10.241,43 €) en contas de seguridade social, con simultánea **baixa de crédito** no capítulo VI, no programa 561A do orzamento de gastos da Consellería do Mar.

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao abeiro do disposto no artigo 66.b) e g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e nos artigos 7.Tres e 8.Un.e) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE EUROS	CONSOLIDABLE EUROS
TRANSFERENCIA NEGATIVA					
Proxectos de investigación	32	14.03.640.4	561A	**31.271,56**	
TRANSFERENCIA POSITIVA					
Proxectos de investigación	31	14.01.131.12	561A	31.153,67	
IPC galego	31	14.01.131.08	561A	117,89	
	Total transferencia positiva...			**31.271,56**	
BAIXA DE CRÉDITO					
Proxectos de investigación	13	14.03.640.4	561A	**10.241,43**	
AMPLIACIÓN DE CRÉDITO					
Seguridade social proxectos de investigación	20	14.01.160.12	561A	**10.241,43**	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de créditos
60	Incorporacións de crédito gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
90	Varios

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,	AUTORIZADO E CONFORME: O CONSELLEIRO DE FACENDA, (P.D.: 10/02/2015)

EXPOSICION

A Consellería do Mar remite un expediente no que solicita a tramitación dunha transferencia de crédito por importe de 31.271,56 € entre conceptos orzamentarios dos capítulos VI e I do programa 561A e ampliación de crédito, no capítulo I, por importe de 10.241,43 € con baixa de crédito, polo mesmo importe, no capítulo VI do devandito programa de gasto, no seu orzamento de gastos.

O obxecto da modificación que se solicita é contar co crédito suficiente nas aplicacións propostas para facer fronte aos gastos de persoal contratado para o desenvolvemento de tres proxectos específicos de investigación científico – técnica no Centro de Cultivos Mariñons (CIMA) de Ribadeo (Lugo)

A transferencia negativa proponse con cargo á aplicación 14.03.561A.640.4 que conta con crédito suficiente, para o que figura no expediente o documento contable RCt.

Cúmprense as limitacións previstas no artigo 68.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así mesmo, non loe resulta de aplicación a restrición prevista no artigo 8.Un da Lei 8/2017, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2018, en virtude do apartado e) do devandito artigo.

No relativo á ampliación de crédito, o carácter ampliable da aplicación 14.01.561A.160.12 establécese no artigo 64.1.c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Esta ampliación finánciase mediante baixa de crédito na aplicación 14.03.561A.640.4 de acordo co artigo 7.Tres da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A modificación proposta non impide o cumprimento dos obxectivos, e non ten carácter consolidable para os vindeiros exercicios.

Figura no expediente o informe favorable da intervención delegada na Consellería do Mar e o da Subdirección Xeral de Custos de Persoal.

Por todo o anterior, esta dirección xeral, ao abeiro do disposto no artigo 66.b) e g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e nos artigos 7.Tres e 8.Un.e) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, somete para a súa autorización o expediente de modificación de crédito nos termos da proposta.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia TR-14-025-18	Periodo

Ref.: sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

CONSELLERÍA DO MAR

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito, por un importe de dezaoito mil euros (18.000,00 €), entre conceptos orzamentarios incluídos nos capítulos VI do programa 422K do orzamento de gastos da Consellería do Mar.

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do disposto no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
TRANSFERENCIA NEGATIVA					
Desenvolvemento formación profesional Náutico Marítimo pesqueira.	32	14.03.640.1	422K	18.000,00	
TRANSFERENCIA POSITIVA					
Acondicionamento centros de ensinanza.	31	14.03.632.1	422k	18.000,00	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de crédito
60	Incorporacións de crédito e gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
60	Varios

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018

PROPOSTA:
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,

Miguel Corgos López-Prado

AUTORIZADO E CONFORME O CONSELLEIRO DE FACENDA,
(P.D. 16/02/2015)

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPOSICION

A Consellería do Mar remite un expediente no que se solicita unha transferencia de crédito por importe de 18.000,00 € entre conceptos orzamentarios do capítulo VI do programa 422K do seu orzamento de gastos.

A transferencia de crédito ten por obxecto dotar a aplicación 14.03.422K.632.1, dentro do proxecto 2015 00604, con fondos propios para afrontar o gasto derivado da redacción do proxecto de ampliación da Escola Oficial Náutica Pesqueira, co que se pretende financiar o acondicionamento de centros de ensinanzas dependentes da D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro, adaptando as aulas á normativa vixente.

Na Escola Oficial Náutica Pesqueira de Ribeira, non se dispón dunha aula de redes que cumpra cos requisitos mínimos que establece a normativa actual, Decreto 194/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Navegación e Pesca Litoral. Ata o momento as ensinanzas correspondentes a esta materia véñense impartindo nas pistas exteriores da Escola e/ou utilizando puntualmente a aula de primeiros auxilios, dita aula conta con espazo insuficiente e asemade na actualidade é incompatible o seu uso co de redes.

A aplicación con cargo á que se solicita a transferencia negativa conta con crédito suficiente, para o que figura no expediente o documento RCt. coa referencia: 2018-14-00322/1,

Consta no expediente o informe favorable da intervención delegada na Consellería do Mar.

Esta transferencia non está afectada por ningunha das limitacións establecidas no artigo 68.1 do TRLRFO e no Lei 8/2017 do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, non ten incidencia negativa nos obxectivos do programa de gasto, nin é consolidable para exercicios futuros.

Por todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral, ao amparo do establecido no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva para a súa autorización o expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia **TR-20-002-18**	Período

Ref. sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito por importe de cento sesenta e oito mil trescentos quince euros (168.315,00€), entre conceptos orzamentarios do capítulo I do programa 111D, do orzamento de gastos do Consello Consultivo de Galicia.

PROPOSTA

Sométese a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó abeiro do disposto no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e artigo 8.un.c) da Lei 8/2017, de 26 decembro, de orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia para o 2018, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE EUROS	CONSOLIDABLE EUROS
TRANSFERENCIA NEGATIVA					
Retribucións básicas	32	20.01.100.00	111D	19.903,00	
Outras remuneracións	32	20.01.100.01	111D	29.776,00	
Soldos subgrupo A2	32	20.01.120.01	111D	14.361,00	
Soldos subgrupo C1	32	20.01.120.02	111D	45.394,00	
Trienios	32	20.01.120.05	111D	38.830,00	
Complemento específico	32	20.01.121.01	111D	20.051,00	
	Total transferencia negativa			**168.315,00**	
TRANSFERENCIA POSITIVA					
Produtividade persoal non estatutario	31	20.01.150.00	111D	**168.315,00**	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de créditos
60	Incorporacións de crédito gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
90	Varios

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2018

PROPOSTA
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

AUTORIZADO E CONFORME:
O CONSELLEIRO DE FACENDA,
(D.O.G. 10/02/2015)

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPOSICION

O Consello Consultivo de Galicia remite un expediente no que se solicita a tramitación dunha transferencia de crédito por importe de 168.315,00 euros, entre conceptos orzamentarios do capítulo I do programa 111D.

A modificación proposta ten como obxectivo contar co crédito necesario para a execución da sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Santiago de Compostela, do 13 de xaneiro de 2017(recurso nº22/2016) e acordo do Pleno do Consello Consultivo de data 11.04.2018.

Para estes efectos, o Consello Consultivo de Galicia solicita unha transferencia de crédito para dotar o subconcepto 150.00 do programa de gasto 111D.

A transferencia negativa proponse con cargo a diversas aplicacións do capítulo I, que contan con crédito suficiente.

Incorpora o expediente o informe favorable da subdirección xeral de Custos de Persoal, así como da intervención delegada do Consello Consultivo de Galicia.

Os créditos aos que afecta a modificación non están suxeitos ás limitacións establecidas nos apartados b) e c) do artigo 68.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, por tratarse de créditos de persoal e o artigo 8.un.c) da Lei 8/2017, do 26 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.

A modificación orzamentaria que se propón non implica desviación na consecución dos obxectivos do programa afectado, e non resulta consolidable para exercicios futuros.

Por todo o anterior, e ao abeiro do disposto no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, sométese á súa autorización, o expediente de transferencia de crédito nos termos da proposta.

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS - CONSELLERÍA DE FACENDA

TR-23-018-18

XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día seis de setembro de dous mil dezaoito adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

De acordo co disposto no artigo 65.1.d) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, autorízase a seguinte modificación orzamentaria:

TRANSFERENCIA NEGATIVA DE CRÉDITO

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Xuros de débeda pública e préstamos	22.01.911A.300	2.500.000,00
Gastos de emisión, modificación e cancelación	22.01.911A.310	500.000,00
	Total transferencia negativa...	3.000.000,00

TRANSFERENCIA POSITIVA DE CRÉDITO

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Outras infraestruturas	23.02.621B.650.1	3.000.000,00
	Total transferencia positiva...	3.000.000,00

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. presidente, en Santiago de Compostela a seis de setembro de dous mil dezaoito.

Visto e prace,

O PRESIDENTE

EXPOSICIÓN

A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos comunica que a estimación dos gastos financeiros por xuros de débeda pública e préstamos, ascende no ano 2018 a 156.765.000 €. O importe previsto para esta finalidade na aplicación orzamentaria 22.01.911A.300 é de 159.265.000 €, polo que se produce un remanente de 2.500.000,00 €.

Polo que se refire aos gastos de emisión, formalización e cancelación de débeda, a estimación das obrigas a recoñecer non superará o importe de 305.000,00 €, sendo o importe orzamentado na aplicación 22.01.911A.310 de 805.000,00 €, o que supón un remanente de 500.000,00 €.

Tendo en conta o anterior, a referida dirección xeral remite o documento contable RCt por importe de 3.000.000,00 € para transferir estes remanentes de crédito á sección 23.

O artigo 65.1.d) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece a competencia do Consello da Xunta para autorizar, por proposta do titular da Consellería de Facenda, as transferencias das dotacións non utilizadas nos programas das distintas seccións do orzamento aos distintos conceptos do programa de imprevistos e funcións non clasificadas, habilitando os créditos que sexan necesarios para a súa posterior reasignación.

Tendo en conta o anterior, elévase para a consideración do Consello da Xunta a transferencia de crédito que se detalla na proposta.

DITAMES E TRÁMITES PRECEPTIVOS

Dou fe de que o contido deste extracto proposta coincide co do seu expediente.

Cumpridos os trámites preceptivos, sométolle a proposta que figura no anverso

Santiago de Compostela, de de

A SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia TR-23-019-18	Período

Ref.: mcp/sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS
PRESIDENCIA DA XUNTA

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito por seiscentos cincuenta e dous mil douscentos setenta euros (652.270,00 €) entre créditos incluídos no capítulo VI da sección 23 "Gastos de diversas consellerías" e 04 "Presidencia da Xunta de Galicia"

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do previsto no artigo 66.c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro,se proceda á seguinte modificación,

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
TRANSFERENCIA NEGATIVA					
- Outras infraestruturas	32	23.02.650.1	621B	652.270,00	
TRANSFERENCIA POSITIVA					
- Investimento noutras instalacións deportivas	31	04.40.632.2	441A	652.270,00	

Código das modificacións:	
11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de créditos
60	Incorporacións de crédito gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
90	Varios

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.	AUTORIZADO E CONFORME: O CONSELLEIRO DE FACENDA. (P.D. - 10/12/2015)

EXPOSICION

A Secretaria Xeral para o Deporte remite un escrito no que solicita a tramitación dunha transferencia de crédito por importe total de 652.270,00€, dende o programa de Imprevistos e Funcións non Clasificadas, á aplicación 04.40.441A.632.2.

A modificación solicitada ten por obxecto contar co crédito suficiente na aplicación 04.40.441A.632.2, para acometer obras urxentes no Campo de Acea da Ama e nos pavillóns de Agra II, Monte Alto e Monte das Moas, na provincia de A Coruña, no Complexo Deportivo de Monterrei e no Estadio do Couto, na Provincia de Ourense e no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, no Complexo Náutico e Centro de Regatas de Verducido, no Centro Galego de Vela e no Campo de Tiro de Cernadiñas Novas, da provincia de Pontevedra, sendo o importe total destas obras de 652.270,00 €.

Faise constar nos expedientes a imposibilidade de atender as referidas insuficiencias con cargo ás dotacións da Secretaria Xeral para o Deporte.

Dita modificación non quedará consolidada para exercicios futuros.

Por todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral, ao abeiro do establecido nos artigos 66.c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva para a súa autorización, se o considera oportuno, o expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
CONSELLERÍA DE HACENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia TR-23-020-18	Período

Ref.: mcp/sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS
CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito por trescentos sete mil douscentos setenta e oito euros e sete céntimos (307.278,07 €) entre créditos incluídos no capítulo VI da sección 23 "Gastos de diversas consellerías" e 10 " Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do previsto no artigo 66.c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro,se proceda á seguinte modificación,

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
TRANSFERENCIA NEGATIVA					
- Outras infraestruturas	32	23.02.650.1	621B	**307.278,07**	
TRANSFERENCIA POSITIVA					
- Construcións	31	10.10.622.1	422A	274.549,52	
- Construcións	31	10.10.622.1	422M	32.728,55	
	Total transferencia positiva			**307.278,07**	

Código das modificacións:
11 Créditos extraordinarios
12 Suplementos de crédito
13 Baixas de crédito
20 Ampliacións de crédito
31 Transferencias positivas
32 Transferencias negativas
40 Xeracións de crédito
50 Reposicións de créditos
60 Incorporacións de crédito gasto corrente
65 Incorporacións de crédito operacións de capital
70 Adscricións de crédito
90 Varios

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.	AUTORIZADO E CONFORME: O CONSELLEIRO DE FACENDA. (P.D. 10/02/2015)

EXPOSICION

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitara remite un escrito no que solicita a tramitación de dúas transferencia de crédito por importe total de 307.278,07€, dende o programa de Imprevistos e Funcións non Clasificadas, ao capítulo VI dos programas 422A e 422M.

O obxecto da modificación solicitada é contar cos fondos propios que cofinancian necesarios para proceder á xeración de crédito de fondos FEDER 2014-2020 por importe de 1.229.112,28 €.

Os referidos fondos están incluídos na medida OT 04.03 destinada á mellora da eficiencia enerxética dos edificios educativos xa existentes.

Dita xeración de crédito se está a tramitar, precisando uns fondos propios que cofinancian por importe de 307.278,07 €

Faise constar nos expedientes a imposibilidade de atender as referidas insuficiencias con cargo ás dotacións da consellería

Dita modificación non quedará consolidada para exercicios futuros.

Por todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral, ao abeiro do establecido nos artigos 66.c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva para a súa autorización, se o considera oportuno, o expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
CONSELLERÍA DE HACIENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia TR-23-021-18	Período

Ref.:sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito por vinte céntimos (0,20 €) entre créditos incluídos no capítulo VI da sección 23 "Gastos de diversas consellerías".

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do previsto no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro,se proceda á seguinte modificación,

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
TRANSFERENCIA NEGATIVA					
- Edificios e outras contrucións	32	23.01.622.1	621A	0,20	
TRANSFERENCIA POSITIVA					
- Outros investimentos	31	23.01.608.1	621A	0,20	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de créditos
60	Incorporacións de crédito gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
90	Varios

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018

PROPOSTA:	AUTORIZADO E CONFORME:
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,	O CONSELLEIRO DE FACENDA, (P.D.: 10/02/2015)

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPOSICION

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda remite un escrito no que solicita a tramitación dunha transferencia de crédito por importe total 0,20 €, dende o programa de Imprevistos e Funcións non Clasificadas

A modificación solicitada ten por obxecto contar co crédito suficiente para facer o depósito necesario para adquirir un edificio situado na praza de Galicia de Tui con destino a xulgados.

Dita modificación non quedará consolidada para exercicios futuros nin supoón desviación na consecución dos obxectivos previstos.

Por todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral, ao abeiro do establecido nos artigos 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva para a súa autorización, se o considera oportuno, o expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS - CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
XC-05-016-18	Periodo

Ref: mcp/sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DENOMINACIÓN

Xeración de crédito por importe de tres mil douscentos trinta euros con noventa céntimos (3.230,90€) no capítulo II do programa 131A, en concepto de indemnización por sinistros.

PROPOSTA

Sométese a súa consideración expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do disposto nos artigos 69 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e 5 g) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
XERACIÓN DE CRÉDITO					
Edificios e outras construcións	40	05.21.212	131A	**3.230,90**	

Código das modificacións:	
11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de créditos
60	Incorporacións de crédito gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
90	Varios

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

PROPOSTA:	AUTORIZADO E CONFORME:
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,	O CONSELLEIRO DE FACENDA, (P.D.: 10/02/2015)

EXPOSICIÓN

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remite un expediente no que solicita a tramitación dunha xeración de crédito por un importe de 3.230,90€ no capítulo II do seu orzamento de gastos.

Fundaméntase a solicitude nuns ingresos efectuados pola empresa aseguradora Mapfre, polo importe total indicado, derivado de indemnizacións por un sinistro acaecido no edificio dos xulgados de Vigo.

Os créditos xerados destinaranse a incrementar o importe da aplicación detallada na proposta.

Consta no expediente o informe favorable da intervención delegada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como certificación da intervención delegada da Consellería de Facenda que acredita os ingresos por importe de 3.230,90 euros, con data de 27 de agosto do ano 2018.

A referida xeración de crédito non quedará consolidada para exercicios futuros e permitirá atender os obxectivos programados.

Por todo o anterior, esta dirección xeral, ao abeiro do establecido nos artigos 69 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e 5 g) da Lei 8/2017, do 26 de decembro de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2018, somete para a súa consideración o expediente de xeración de crédito, nos termos que detalla a proposta.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
Referencia XC-05-017-18	Periodo

Ref.: mrm/sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DENOMINACIÓN

Xeración de crédito por importe de cinco mil cento trinta e cinco euros con setenta e un céntimos (5.135,71 €) no capítulo II do programa 121A do vixente orzamento de gastos, en concepto de indemnización por sinistros.

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do disposto nos artigos 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e 5.g) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
XERACIÓN DE CRÉDITO					
Edificios e outras construcións	40	05.21.212	121A	**5.135,71**	

Código das modificacións:
11 Créditos extraordinarios
12 Suplementos de crédito
13 Baixas de crédito
20 Ampliacións de crédito
31 Transferencias positivas
32 Transferencias negativas
40 Xeracións de crédito
50 Reposicións de créditos
60 Incorporacións de crédito gasto corrente
65 Incorporacións de crédito operacións de capital
70 Adscricións de crédito
90 Varios

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.	AUTORIZADO E CONFORME: O CONSELLEIRO DE FACENDA, (P.D. 10/02/2015)

EXPOSICIÓN

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remite un expediente no que solicita a tramitación dunha xeración de crédito, por un importe de 5.135,71 €, no capítulo II do seu orzamento de gastos.

Fundaméntase a solicitude no ingreso efectuado pola empresa aseguradora Mapfre derivados da reparación dos danos ocasionados no patio interior e na cuberta do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra o 14/03/2018, por un importe de 5.135,71€.

Á vista do anterior, a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza solicita a xeración de crédito correspondente, con cargo ao concepto 212 do programa de gasto 121A.

Os créditos xerados destinaranse a incrementar o importe da aplicación detallada na proposta.

Consta no expediente o informe favorable da intervención delegada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como certificación da Intervención Delegada da Consellería de Facenda que acredita os ingresos polo importe de 5.135,71 € euros, con data de arqueo do 27/08/2018.

A referida xeración de crédito non quedará consolidada para exercicios futuros e permitirá atender os obxectivos programados.

Por todo o anterior, esta dirección xeral, ao abeiro do establecido nos artigos 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e 5.g) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, somete para a súa consideración o expediente de xeración de crédito nos termos que se detallan na proposta.

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE FACENDA · DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
XC-05-018-18	Periodo

Ref: mcp/sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DENOMINACIÓN

Xeración de crédito por importe de sete mil catrocentos vinte e tres euros con cincuenta e dous céntimos (7.423,52 €) no capítulo II dos programas 121A e 131A, en concepto de indemnización por sinistros.

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do disposto no artigo 69 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e 5.g) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
XERACIÓN DE CRÉDITO					
Edificios e outras construcións	40	05.21.212	121A	2.610,71	
Edificios e outras construcións	40	05.21.212	131A	4.812,81	
		Total xeración de crédito		**7.423,52**	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de créditos
60	Incorporacións de crédito gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
90	Varios

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

PROPOSTA:	AUTORIZADO E CONFORME:
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,	O CONSELLEIRO DE FACENDA, (P.D.: 10/02/2015)

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPOSICIÓN

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remite expedientes nos que solicita a tramitación de varias xeracións de crédito por un importe total de 7.423,52 € no capítulo II do seu orzamento de gastos.

Fundaméntase a solicitude nuns ingresos efectuados pola empresa aseguradora Mapfre, polo importe total indicado, derivado de indemnizacións por sinistros acaecidos no edificio administrativo de Vigo e en edificios de xulgados.

Os créditos xerados destinaranse a incrementar o importe das aplicacións detalladas na proposta.

Consta no expediente o informe favorable da intervención delegada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como as certificacións do 14.09.2018 da xefa do Servizo de Fiscalización e Contabilidade na Intervención Delegada da Consellería de Facenda, nas que acredita os ingresos por importes de 275,00 €, 2.610,71 € e de 4.537,81 €.

A referida xeración de crédito non quedará consolidada para exercicios futuros e permitirá atender os obxectivos programados.

Por todo o anterior, esta dirección xeral, ao abeiro do establecido no artigo 69 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e artigo 5.g) da Lei 8/2017, do 26 de decembro de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2018, somete para a súa autorización o expediente de xeración de crédito, nos termos que se detallan na proposta.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPEDIENTE PARA ACORDO

	Relación
XC-05-019-18	Periodo

Ref: mcp/sxo

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DENOMINACIÓN

Xeración de crédito por importe de nove mil seiscentos sesenta euros con dous céntimos (9.660,02 €) no capítulo II dos programas 121A, en concepto de indemnización por sinistros.

PROPOSTA

Sométese para a súa consideración o expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ao amparo do disposto no artigo 69 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e 5.g) da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
XERACIÓN DE CRÉDITO					
Edificios e outras construcións	40	05.21.212	121A	**9.660,02**	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios
12	Suplementos de crédito
13	Baixas de crédito
20	Ampliacións de crédito
31	Transferencias positivas
32	Transferencias negativas
40	Xeracións de crédito
50	Reposicións de créditos
60	Incorporacións de crédito gasto corrente
65	Incorporacións de crédito operacións de capital
70	Adscricións de crédito
90	Varios

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

PROPOSTA:	AUTORIZADO E CONFORME:
O DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS,	O CONSELLEIRO DE FACENDA, (P.D. 10/02/2015)

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

XUNTA DE GALICIA · DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS · CONSELLERÍA DE FACENDA

EXPOSICIÓN

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remite un expediente no que solicita a tramitación dunha xeración de crédito por un importe total de 9.660,02 € no capítulo II do seu orzamento de gastos.

Fundaméntase a solicitude nuns ingresos efectuados pola empresa aseguradora Mapfre, polo importe total indicado, derivado de indemnizacións por sinistros acaecidos no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o 15.03.2018.

